

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Xustifícase a importancia das actividades complementarias e extraescolares partindo da premisa que considera unha educación de calidade aquela que responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona non só un incremento da súa calidade de vida, senón tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos e todas. Neste contexto é no que se foi recoñecendo **a contribución das actividades complementarias e extraescolares para lograr unha formación plena dos alumnos/as**.

Por outra parte, este tipo de actividades permite unha maior participación da comunidade educativa na xestión, organización e realización das actividades, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación.

Este tipo de actividades promoven no alumno ou na alumna un sentimento de pertencenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade na organización do seu tempo libre, favorecendo a autoestima nunha serie de alumnos e alumnas que nas materias escolares van mal e que moitas veces as actividades extraescolares danlle a oportunidade de destacar respecto aos compañeiros e compañeiras de xeito positivo.

Hoxe en día é fundamental mellorar as relacións entre alumnos e alumnas e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación. Para acadar este obxectivo, as actividades extraescolares e complementarias son unha forma distinta á formal de clase de conseguilo e promovelos.

Cada vez máis é necesario promover un tipo de actividades que favorezan a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade así como as actividades culturais e deportivas para que os noso alumnado amplíe o seu horizonte cultural, sobre todo estando situado o noso centro nunha zona rural onde a oferta de actividades culturais alleas ao centro son moi limitadas.

Se consideran **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** as organizadas durante o horario escolar e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, o espacio ou recursos que utilizan.

Se consideran **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** as encargadas de potenciar a apertura do Centro ao seu contorno e a procurar a formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, a preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. Estas se realizan fóra do horario lectivo e teñen carácter voluntario para o alumnado.

A organización e coordinación deste tipo de actividades correrán a cargo da comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares.